



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as puntuacións provisionais do baremo, agás as subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4, do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia núm. 122, do 22 de xuño).

Mediante a Orde do 4 de xuño de 2020 convocouse procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas dependente desta consellería. (DOG n.º 122, do 22 de xuño).

Para darlle cumprimento ao disposto na base sétima da Orde do 4 de xuño de 2020, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar, na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal), as puntuacións provisionais do baremo, agás as subepígrafes 3.2.1 (independentemente da modalidade acollida segundo a base 3.5) e 3.2.4, por corpos, reservas e especialidades, de acordo co que establece a base 7.3 da Orde do 4 de xuño de 2020 e que figuran como Anexo desta resolución.

Segundo: Contra a puntuación provisoria, de conformidade co primeiro parágrafo da base 7.4 da Orde do 4 de xuño de 2020, o persoal concursante poderá formular as reclamacións oportunas dirixidas ao Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, Formación Profesional e Réxime Especial dependente da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo máximo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web desta consellería, por algún dos medios que se establecen na base 3.8 da Orde do 4 de xuño de 2020.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Anexo: BAREMO PROVISIONAL.

